

A miña escola é unha cooperativa

Láminas 13 e 14

Hai uns días puxeron un ordenador con internet na miña casa, así que ultimamente non paro de navegar. O último que atopei sorprendeume moito; trátase da páxina web do meu colexio. Atopeina de casualidade. A miña nai e máis eu estabamos a meter no buscador o nome da nosa cidade e cousas así... E vai e aparece o cole!

E sabedes que descubrín na web do cole? Que é unha cooperativa! Claro que eu non entendía moito o que era iso, pero miña nai foimo explicando.

Resulta que os nosos profes non daban atopado un traballo que lles gustase, así que se xuntaron e decidiron crear o seu propio colexio. Mira ti, tiñan un problema e buscáronlle solución entre todos. Agora están moi contentos de ter un traballo que lles gusta e no que poden decidir o que lles pareza mellor.

Claro que facer un colexio non é nada doado. Imaxina construír un edificio tan grande! Como eles son mestres e non saben moito de albanelaría, tiveron que pagarlle a unha construtora. Por sorte, sendo todos da cooperativa poñen cada un unha parte do diñeiro. Así, o que un ou dous non darían conseguido, conségueno entre moitos.

Grazas a ser unha cooperativa están afeitos a facer as cousas entre todos. Ás veces téñoos visto na sala de profesores inventando actividades para nós. Unha dá unha idea, outro dá outra e ao final saen esas actividades que tanto nos divirten.

Creo que para todo isto de funcionar cooperando necesitan facer moitas reunións. Están todo o día comentándose cousas uns a outros. Algunha vez que vin coa miña nai pola tarde, estaban todos arredor da mesa falando dos asuntos do colexio. Claro, se non falasen, como se ían pór de acordo?

A min paréceme que os nosos profes fan o que nos din a nós que fagamos cos compañeiros e compañeiras: falar as cousas antes de enfadarse, pedirse perdón, axudarnos, etc. Eu véxoos que cando alguén precisa axuda, porque os nenos estamos moi alborotados ou imos facer unha saída, outros profesores botan unha man. Tamén creo que están contentos de ser un equipo e ter un colexio que é deles e que marcha ben.

Eu tamén estou contenta de descubrir que o meu cole é unha cooperativa.



(Lámina 13)

Un grupo de profesores e profesoras reúnese arredor dunha mesa redonda ou ovalada. Están achegando ideas sobre que tipo de actividade poden facer no entroido, por exemplo. A unha profe acábaselle de ocorrer facer unha festa do mar, con disfraces de animais e plantas mariñas: mostra un modelo de cometa feita en forma de peixe de cores que podería adaptarse a disfrace. Aos outros resúltalles moi boa a idea e fan as súas achegas tamén. O ambiente, por tanto, é distendido, de cooperación e altamente creativo.



(Lámina 14)